



XUNTA
DE GALICIA



fundación cidade
da cultura de galicia

galicia

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DO CURSO DE POSGRAO PROPIO CURSO DE EXPERTO UNIVERSITARIO EN XESTIÓN CULTURAL-FK5F

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou o 2 de marzo de 2021 coa UNIVERSIDADE DE SANTIAGO o instrumento convencional arriba referido ata o remate do curso escolar (30 de setembro de 2021).

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto do presente convenio é regular os termos nos que se desenvolverán as prácticas do alumnado do curso de Experto Universitario en Xestión Cultural, código FK5F, edición sexta, na citada entidade colaboradora, de conformidade co establecido na normativa reguladora das prácticas académicas externas da USC e no Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios (BOE do 30 de xullo de 2014).

A través do presente convenio fíxanse as pautas e mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación do correcto desenvolvemento da colaboración.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:





XUNTA
DE GALICIA



fundación cidade
da cultura de galicia

galicia

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución promove aquelas actuacións que se consideren necesarias para dinamizar o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da cultura galega, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou á cultura de base.

Para a consecución dos fins mencionados no apartado anterior, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.
- b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.
- c) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.

Por outra banda, a Universidade de Santiago de Compostela, institución adicada ao ensino e estudos de nivel superior considera que o complemento que para a formación do alumno supón o coñecemento da realidade empresarial no ámbito das ensinanzas teóricas impartidas ao alumno.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





XUNTA
DE GALICIA



fundación cidade
da cultura de galicia

galicia

contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

